

COMITÉ DE ÉTICA ASISTENCIAL DA XERENCIA DE ATENCIÓN INTEGRADA DA CORUÑA

¿Qué é o Comité de Ética Asistencial?

O Comité de Ética Asistencial é un órgano constituído para analizar, asesorar e facilitar a resolución de conflitos éticos que poidan xurdir como consecuencia do labor asistencial.

- Está ao servizo dos profesionais e usuarios dos centros sanitarios.
- É multidisciplinar: Está composto por profesionais sanitarios, profesionais non sanitarios e usuarios dos servizos sanitarios.
- É consultivo: A decisión final corresponde ao consultante.
- É independente de calquera órgano institucional.

¿Qué funcións ten?

As principais funcións do Comité de Ética Asistencial son:

- Mellorar a dimensión ética da práctica clínica e con iso a calidade da asistencia sanitaria.
- Colaborar na formación en Bioética dos profesionais da área de saúde.
- Propoñer protocolos, recomendacións e guías de actuación para situacións nas que poidan xurdir conflitos éticos.

Non son funcións do Comité de Ética Asistencial:

- Promover actuacións xurídicas directas ou propoñer sancións.
- Realizar xuízos sobre a ética profesional ou as condutas do persoal sanitario ou dos pacientes.
- Asesorar ou emitir informe no caso de que o interesado presentase por escrito queixa ou reclamación xudicial ou administrativa.

¿Cómo facer unha consulta?

- Pacientes: A través do [Servizo de Atención ao Paciente](#)
- Profesionais: Contactando con calquera dos membros do Comité de Ética Asistencial.